



## Concello de Guitiriz

### DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO AMPARO DO PROGRAMA APRÓL RURAL 2021. EXPTE: 466/2021

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Orde do 12/04/2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Apról Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021, publicada no DOG núm. 73 de 20 de abril de 2021. Orde do 18 de febreiro de 2020 pola que se modifica a Orde do 20 de decembro de 2019, publicada no DOG núm. 37 do 24 de febreiro de 2020.
- Decreto de alcaldía nº 2021-386 de data 15/05/2021 aprobouse polo Concello a solicitude de axuda á Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación temporal de 2 peóns forestais con xornada completa e cunha duración de 9 meses, ao abeiro da devandita Orde, para o Servizo de Conservación Forestal, para valorización forestal, limpeza de montes, pistas e camiños rurais, espazos públicos, zonas e espazos naturais.
- Resolución da Xefa Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade de data 24/06/2021, recibida o 25/06/2021 co E.R.C. nº 2839 concédese ao Concello de Guitiriz a contratación de 2 peóns durante 9 meses a xornada completa.
- Providencia de alcaldía de data 29/06/2021 pola que se incoa expediente para a selección, como persoal laboral temporal de duración determinada de interese social ao abeiro do programa Apról Rural de 2 peóns forestais por un período de 9 meses e xornada completa para valorización forestal, limpeza de montes, pistas e camiños rurais, espazos públicos, zonas e espazos naturais.
- Informe do Técnico de Medio ambiente nº 2021-0124 de data 29/06/2021 sobre necesidades do servizo.
- Borrador das bases que regulen o procedemento selectivo.
- Informe xurídico de secretaría nº 2021-129 de data 01/07/2021.
- Informe de fiscalización da intervención nº 2021-156 de data 02/07/2021.
- Decreto da Alcaldía nº 2021-548 de data 07/07/2021 polo que se acorda aprobar as bases para a selección de persoal laboral temporal ao amparo do programa Apról Rural da Consellería de Emprego e Igualdade.
- Decreto da Alcaldía nº 2021-548 de data 08/07/2021 polo que se rectifica un erro material no nome dun dos membros do Tribunal.
- Actas nº1 e 2 do tribunal cualificador para a selección de 2 peóns forestais, a segunda de data 27/07/2021, pola que se outorga un prazo de dous días de prazo aos aspirantes seleccionados e se eleva proposta á alcaldía para a contratación de Manuel Díaz López e Andrés Antón Pérez García.
- Documentación para a contratación presentada polos aspirantes en data 28/07/2021 cos E.R.C. nº 3263 e 3265.
- Informe de fiscalización de intervención nº 2021-0184 de data 28/07/2021 con resultado de conformidade.

O Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público e as sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado que con carácter xeral as administracións públicas non poderán incorporar de novo persoal temporal, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3GKK63JY9RZGCRDSC23JGNFY | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



## Concello de Guitiriz

afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais. O artigo 3 da Circular interpretativa da Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia matizaba (aínda que sen rango legal) que tamén poderían excepciónarse aqueles postos de traballos que sexan financiados ao 100% por outras administración públicas.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal, e a resolución de alcaldía de data 26/06/2015 de delegacións de atribucións na Xunta de Goberno Local.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Declarar a necesidade e urxencia de contratar este persoal para o servizo para o Servizo de Conservación Forestal, para valorización forestal, limpeza de montes, pistas e camiños rurais, espazos públicos, zonas e espazos naturais.

Xustifícanse as necesidades, conveniencia, urxencia e excepcionalidade na contratación deste persoal conforme ao Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, ás sucesivas leis de Orzamentos Xerais do Estado, ao artigo 3 da Circular interpretativa da Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia, e nas bases da convocatoria da subvención, dado que unha parte importante dos traballos son estacionais e o Concello non conta con persoal suficiente no cadro de persoal para atender satisfactoriamente este servizo, sobre todo nestas datas nas que non foi posible atender estes traballos aínda que agora é cando son mais necesarios.

A contratación deste persoal é excepcional e de carácter urxente debido a que a resolución da axuda ten como data última de contratación o 30/07/2021, que por un lado pretende a integración laboral de persoas desempregadas sobre todo de colectivos desfavorecidos e que, por outra banda, o concello precisa cubrir estes posto que teñen adscritas funcións prioritarias dentro do servizo esencial de medio ambiente e infraestruturas, supoñendo neste caso, un grave prexuízo para o servizos públicos esenciais prescindir da contratación.

A tal efecto consta no expediente o Informe do Técnico de Medio ambiente nº 2021-124 de data 29/06/2021 sobre as necesidades do servizo.

Os requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras veñen recollidos no artigo 14 da Orde do 12/04/2021, no que se dispón que:

- Deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego, así como que estes requisitos deberán cumprirse no momento da selección e no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

- Os traballadores e as traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde, salvo en concellos rurais de menos de 2000 habitantes.
- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que previsen a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como: a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. c) Persoas paradas de longa duración. d) Persoas con discapacidade. e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Conforme artigo 14 da Orde será obrigatorio que o Concello realice a contratación mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que debe reunir quen se contratará para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferentes establecidos pola Orde e, en ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

**SEGUNDO.-** Contratar como persoal laboral temporal ao amparo do programa April Rural 2020, mediante contrato de obra ou servizo de interese social, coa categoría de peón forestal por un período de 9 meses e xornada completa para valorización forestal, limpeza de montes, pistas e camiños rurais, espazos públicos, zonas e espazos naturais, aos candidatos que figuran na acta do 27/07/2021 do Tribunal cualificador: acta de data 25/06/2020 do tribunal cualificador: Manuel Díaz López e Andrés Antón Pérez García.

A data e inicio do contrato será o 30/07/2021 e aboaranse as retribucións salariais segundo o Convenio de edificación e obras publicas provincial de Lugo (publicado no BOP nº 261 de data 14/11/2019). O salario a percibir polo traballador será de 1.116,92 € brutos/mes (no concepto de salario) e a parte proporcional de paga extra (prorrato de 186,15 €/mes), ao que haberá que sumar o que prevean as leis de orzamentos xerais do estado para cada ano.

**TERCEIRO.-** Aprobar o listado de reserva de candidatos/as que superaron o proceso selectivo e que non son propostos para a contratación, para formar parte dunha bolsa

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

de traballo para futuras contratacións temporais (substitución de baixas dentro do mesmo programa segundo a base 5.2 do decreto de aprobación e bases e a propia convocatoria de subvención).

NOME E APELIDOS	PUNTUACIONS
Santiago Castro Vázquez	7
Juan Maroño Corral	6,75
Javier María Rodríguez Losada	6,25
María Edvoneide de Sena Amorin	5,75

**CUARTO.-** Comunicarlle o resultados da selección á oficina de emprego, así como a presente resolución aos servizos municipais afectados e dar conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

O secretario (asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

María Sol Morandeira Morandeira

Pablo Portela Fernández

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3GK65JY9RZG68RDC23JGNFY | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4